

SESIÓN ORDINARIA DE 27 DE SETEMBRO DE 2.013

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e quince minutos do día 27 de setembro de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D^a María Begoña Seco Varela, D^a Pilar Méndez Lombao, D^a Tania Díaz Seijas, D. Antonio López Pérez D. Jesús Fernández García, Dona María José Martínez Vigo, D. Miguel Ángel López Varela, D. José Manuel Carral Méndez e D. Arcadio Lombao Román,, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 28 DE XUÑO DE 2013

Ponse de manifesto aos membros da Corporación a acta da sesión plenaria celebrada o día 28 de xuño de 2013.

Non xurdindo debate, sométese votación a aprobación da citada acta. Realizada a votación, queda aprobada pola unanimidade dos membros presentes da corporación.

2. RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS

O sr. Alcalde expón sucintamente o contido das rectificacións propostas, que son as que seguen:

INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 153

TABOI

NOME: PORCIÓN VIAL EN PEREIRO - TABOI.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: TABOI

Núcleo/lugar: PEREIRO

Lindeiros: Norte, finca matriz; Sur, camiño; Este, parcela número 1 procedente do mesmo terreo; e Oeste, parcela número 3 procedente do mesmo terreo.

SUPERFICIE: 56,60 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 23 de xullo de 2013.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: Finca 11184, Folio, 140, Tomo 1153, Libro 101.

PORCIÓN VIAL Nº 154

MOSTEIRO

NOME: PORCIÓN VIAL EN MOSTEIRO

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: MOSTEIRO

Núcleo/lugar: MOSTEIRO

Lindeiros: Norte, camiño e parcela 89 de Esther Lombao Sanfiz; Sur e Oeste, parcela segregada anteriormente denominada Parcela 1; e Leste, camiño.

SUPERFICIE: 237,88 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Escritura pública de cesión realizada por Diego Rois Hortas, en nome e representación de CONSTRUCCIÓN Y PROMOCIÓN ROIS HORTAS, S.L., con fecha de 20 de agosto de 2013 ante la notaria Monserrat Trigo Mayor, y aceptada mediante decreto de Alcaldía de fecha de 26 de agosto de 2013.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: finca matriz: finca 9600, tomo 1141, libro 97, folio 139.

PORCIÓN VIAL Nº 155

MOSTEIRO

NOME: PORCIÓN VIAL EN MOSTEIRO

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: MOSTEIRO

Núcleo/lugar: MOSTEIRO

Lindeiros: Norte, parcela 89 de Esther Lombao Sanfiz; Sur termina en punta y Este, con la parcela segregada anteriormente llamada Parcela 2; Oeste, camino.

SUPERFICIE: 45,40 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Escritura pública de cesión realizada por Diego Rois Hortas, en nombre y representación de CONSTRUCCIÓN Y PROMOCIÓN ROIS HORTAS, S.L., con fecha de 20 de agosto de 2013 ante la notaria Monserrat Trigo Mayor, y aceptada mediante decreto de Alcaldía de fecha de 26 de agosto de 2013.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: finca matriz: finca 9600, tomo 1141, libro 97, folio 139.

PORCIÓN VIAL Nº 156

SAN FIZ DE PAZ

NOME: PORCIÓN VIAL EN PENADEDRA – SAN FIZ DE PAZ

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SAN FIZ DE PAZ

Núcleo/lugar: PENADEDRA

Lindeiros: Linda ao Norte, coa finca matriz; Sur, camiño de San Fiz a Outeiro de Rei; Este, parcela 181 citada e polo Oeste, parcelas 179 de José Trigo Lodeiro e 26 dos vecinos de San Fiz de Paz

SUPERFICIE: 470 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 13 de setembro de 2013 (segregada da parcela 180 do polígono 99).

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 157

SAN FIZ DE PAZ

NOME: PORCIÓN VIAL EN O RIASCO (P. 111-9012) SAN FIZ DE PAZ

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SAN FIZ DE PAZ

Núcleo/lugar: O RIASCO

Lindeiros:

SUPERFICIE: 470 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Escritura de cesión outorgada ante a Notaria Monserrat Trigo Mayor con data de 11 de decembro de 2008 (núm. Prot. 1836), José Benito García Lombao e a súa esposa Emilia Domínguez López, así coma Combina Meilán Arias, cederon ao Concello de Outeiro de Rei una porción de terreo que resposta á seguinte descripción: “Franja de terreno con

una superficie total de doce áreas, tres centiáreas y quince decímetros cuadrados (resultado de sumar 567,64 m/2; 107,63 m/2 y 527,88 m/2) que linda por el NORTE y OESTE, con camino público con el que enlaza; por su latera DERECHA, tomando como referencia de Sur a Norte, con fincas de Doña Combina Meilán Árias y por el lateral IZQUIERDO, tomando la misma referencia con la finca objeto de agregación por parte de Don José Benito García Lombao Doña Emilia Domínguez López”.

Acuerdo de aceptación adoptado en la junta de gobierno local de fecha de 10 de mayo de 2013.

Expediente de alteración de calificación jurídica aprobado definitivamente en la sesión plenaria de 28 de diciembre de 2012.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 158

MOSTEIRO

NOME: PORCIÓN VIAL EN MOSTEIRO (P. 88-89)

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: MOSTEIRO

Núcleo/lugar: MOSTEIRO

Lindeiros:

SUPERFICIE: 35 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: cesión al Ayuntamiento de Outeiro de Rei realizada por Doña Esther Lombao Sanfiz, con DNI 33814310D, y doña María Emilia Hortas Lombao, con DNI 33814309P, realizada el día 18 de septiembre de 2013 en escritura pública de aceptación de herencia, adjudicación parcial de bien y segregación, otorgada ante la notaria Monserrat Trigo Mayor. Núm protocolo 890. Acuerdo de aceptación adoptado por el Alcalde con fecha de 26 de septiembre de 2013.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade finca matriz: finca 4681, del tomo 999, libro 60, folio 153. Ref. catastral parcela 89 del polígono 88

FINCA URBANA Nº 75

PARADA

NOME: PARCELA CENTRO SOCIOCULTURAL

NATUREZA DO INMOBLE:

Ben de Natureza demanial

Dotacional

SITUACIÓN:

Parroquia: PARADA

Núcleo/lugar: Parada, porción da finca matriz correspondente á parcela 8 do polígono 1.

Lindeiros:

Norte e oeste: camiño público; leste e sur, finca matriz

SUPERFICIE: 916,04 ms/2.

CARGAS: non constan

TÍTULO DE AQUISICIÓN:

Acta de pago e ocupación de data de 5 de xullo de 2013.

REFERENCIA CATASTRAL: finca matriz: parcela 8 polígono 1.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Non costa

FINCA RÚSTICA Nº 13

SANTA ISABEL

NOME: Parcela depuradora de augas residuais. Polígono 60, parcela 7.

NATURALEZA DO INMOBLE:

Ben de natureza demanial

Prescripción: Servicio municipal de depuración de augas residuais.

SITUACIÓN:

Parroquia: Santa Isabel

Lindeiros:

Norte: parcela 6 do polígono 60.

Leste: Rio.

Sur: parcela 8 do polígono 60.

Oeste: parcela 20 do polígono 60.

Sobre dita finca atópase a estación depuradora de augas residuais.

SUPERFICIE: 4.982 m2.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Adquisición de unha porción da finca 4710, tomo 431, libro 53, folio 249, mediante escritura outorgada ante o notario Manuel Martínez Rebullido, con data de 3 de decembro de 1997, núm. 2539, e adquisición de outra porción da mesma finca 4710, mediante escritura outorgada ante o notario Alberto María Romero Neira, con data de 16 de decembro de 1992, núm. 748.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Finca 4710, tomo 931, libro 53, folio 249”

Non xurdindo debate, sométese a votación a proposta de rectificación do inventario municipal de bens e dereitos.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

3. APROBACIÓN DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2012

O Alcalde da expón o contido do informe da Comisión Especial de Contas, do seguinte teor literal:

“INFORME DA CONTA XERAL DO EXERCIZO 2012

Iníciase o debate mediante a intervención do sr. Alcalde no que se dá conta das principais conclusións que arrojan as cifras da Conta Xeral.

Fai uso da palabra o sr. Arcadio Lombao, quen afirma que os orzamentos do ano 2012 pecaron dun exceso de previsión en ingresos e gastos, aínda descontando as consignacións previstas para a urbanización A Palloza.

Asemade, advírtese que existen dereitos pendentes de cobro procedentes de exercicios pechados por un montante de 921.697 euros, o que o Interventor achaca, en gran parte, a un deficitario servizo de recadación executiva da Deputación Provincial. E pregúntase se o Concello non ten capacidade para abordar directamente a recadación executiva destas contías.

O Alcalde resposta que o Concello non ten montado un servizo de recadación, senón que o ten delegado na Deputación Provincial de Lugo. Por outra banda, o organización e posta en marcha deste servizo implica uns custes –se ben o Concello tamén ten que aboar un prezo á Deputación Provincial–.

O voceiro do PSdG-PSOE afirma que a liquidación pon de manifesto unha falla de previsión no orzamento, xa que existe unha moi importante desviación entre as previsións e a execución. Por exemplo, existe unha exceso de previsión nos ingresos de 2.222.886 euros, e uns dereitos pendentes de cobro de 622.896 euros.

Por outra banda, advirte que, en determinadas partidas, o saldo orzamentario é negativo, o que manifesta a falla de correlación entre partidas de ingresos de gastos.

O Secretario explica que o feito de que algunha partida resulte con sando negativo derivase do feito de que o nivel de desagregación contable é superior ao da bolsa de vencellación xurídica. De xeito que cando se imputa un gasto a unha partida con escasa dotación pero incluída nunha bolsa de vencellación xurídica suficientemente dotada, dita partida arroxa un resultado negativo, o que non significa que non exista consignación orzamentaria.

O Alcalde recorda que o orzamento é unha previsión e, coma tal previsión, non se axusta exactamente á realidade. En calquera caso destaca que a conta xeral pon de manifesto unha moi boa xestión económica, tal e como acreditan as seguintes magnitudes:

- Resultado orzamentario positivo de 212.235,91 euros.
- Aforro neto positivo de 301.429,18 euros.
- Débeda a longo prazo: 51.837,22 euros (1,56%).
- Débeda a curto prazo: 717.649,84 euros.
- Porcentaxe de endebedamento (incluíndo a débeda a curto prazo): 23,29%.

Asemade, afirma que as previsións iniciais correspondentes á urbanización A Palloza permiten que, de selo caso, poida iniciarse debidamente a xestión de dito ámbito, sen que teña incidencia nas magnitudes resultantes da liquidación do exercicio en caso de inexecución. Polo tanto, a previsión dos custes de urbanización non inflúen na valoración da xestión económica da entidade.

O voceiro do PSdG-PSOE pon de manifesto que existe un preocupante incremento da conta correspondente a acredores a curto prazo.

O Alcalde resposta que se debe, na meirande parte, a falla de cancelación da operación de tesourería a 31 de decembro, xa que as obrigas orzamentarias recoñecidas pendentes de pago, tanto de exercicios pechados coma do propio 2012 é moi inferior a dita cifra.

O voceiro do BNG afirma que a consignación orzamentaria da urbanización de A Palloza ten un indubidable efecto contable nas porcentaxes que se manexan. E que a lamentable situación na que nos atopamos é o resultado dunha mala xestión urbanística polo equipo de goberno.

E anuncia que, en tanto non se leven as contas do Concello con rigor e non se deixe de improvisar, non poderán apoiar a aprobación das contas.

O voceiro do PSdG-PSOE recorda a falla de previsión en ingresos de máis dun millón de euros, así coma o feito de que o Concello se atopa nunha situación de inestabilidade ou de déficit de financiamento de gasto non financeiro de 67.594,85 euros.

Tamén apela a que a falla de cobertura da praza de Intervención impide coñecer aspectos que os anteriores interventores puñan de manifesto, coma a falla de seguimento dos gastos con financiamento afectado. E recalca a necesidade de contar cun Interventor para poder levar unha axeitada fiscalización do gasto.

Polo demais, as contas son iguais as do ano pasado, polo que non pode aprobalas.

O Alcalde afirma que o resultado das contas é moi positivo, e así o acredita o resultado orzamentario, o aforro neto ou a porcentaxe de endebedamento.

Dubida o que afirma o sr. Arcadio, xa que levan moitos anos aprobando contas rigurosas e nunca apoiaron a súa aprobación.

E afirma que existe un control riguroso das contas, o que se pon de manifesto cunha débeda a largo prazo de 51.837,22 euros (1,56%) e unha débeda a curto prazo de 717.649,84 euros. Débeda a curto prazo que permite pagar en tempo aos provedores e, deste xeito, contribuír a unha economía saneada.

Rematado o debate sométese a votación a seguinte proposta de acordo:

- Informar favorablemente a Conta Xeral do Exercicio 2012.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada por catro votos a favor, pertencentes aos membros do Grupo Popular, e dous votos en contra pertencente ao concelleiros do Grupo do PSdG-PSOE e mais do BNG”.

O Alcalde ratifícase no exposto na citada Comisión, resaltando o resultado orzamentario, o aforro neto ou a porcentaxe de endebedamento, que permiten afirmar que o Concello se atopa nunha boa situación atendendo ao contexto económico vixente.

O voceiro do BNG remítese ao xa exposto na Comisión Especial de Contas, anunciando que, en tanto a Conta Xeral non é senón o trasunto da execución dun orzamento co que non poden estar de acordo, o seu grupo se oporá a súa aprobación.

O voceiro do PSdG-PSOE, remítese asemade ao exposto na Comisión Especial de Contas e solicita que o Alcalde aclare dous cuestións que non aclarou en dita comisión: a qué se debe o espectacular incremento da conta de acredores a curto prazo a 31 de decembro e a qué se corresponde o millón e medio de euros “outros ingresos” se non se deben ás cotas de urbanización de A Palloza.

Asemade, vota de menos un maior control e rigor técnico na elaboración das Contas, o que se acadaría con un interventor.

A solicitude do Alcalde, o Secretario resposta que o saldo da conta acredores a curto prazo correspóndese coa operación de tesourería e que o saldo do artigo 39 “outros ingresos” abrangue as cotas de urbanización de A Palloza, xa que a partida 39610 pertence a dito artigo, pero cun maior nivel de desglose orzamentario.

O Alcalde ratifica o exposto polo Secretario e afirma que a operación de tesourería débese a que os ingresos se xeran maioritariamente a finais de ano mentres que os gastos se producen durante todo o ano. E este desfase transitorio cóbrease coa operación de tesourería, dado que así pódese pagar aos provedores puntualmente sen terlles que causar perxuicios por demora nos pagos.

Por último, afirma que existe un axeitado control contable e rigor técnico e, o que é tan ou máis importante, sentido común e prudencia na xestión económica, o que permite acadar uns resultados económicos coma os expresados na conta.

Non xurdindo máis debate, sométese a votación a aprobación da Conta Xeral do concello de Outeiro de Rei correspondente ao exercicio 2012.

Realizada a votación, a Conta Xeral resulta aprobada con oito votos a favor e tres votos en contra, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e máis do BNG.

4. MOCIÓNS REGULAMENTARIAMENTE PRESENTADAS

Iníciase o presente punto da orde do día coa defensa, polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, da moción presentada o día 29 de agosto de 2013 e número de rexistro 2691, do seguinte teor literal:

“MOCIÓN RELATIVA Á DIMISIÓN DO VICEPRESIDENTE PRIMEIRO DA DEPUTACIÓN DE LUGO E DE REPROBACIÓN DA TRAMA DE PERSOAL AO SERVICIO DO BNG PERO A SOLDADO DUN ÁREA DE GOBERNO DA ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Executivo bipartito da Deputación de Lugo vén de incorrer nunha flagrante irregularidade logo de terse constatado -é un feito público e notorio- que pagou con diñeiro público a unha serie de persoas que non realizaban as funcións para as que foron contratadas.

De feito, a administración provincial lucense acollía no seu seo unha trama de traballadores *liberados* ao servizo do BNG pero que viñan percibindo un salario -pagado con diñeiro público- como persoal adscrito a área de goberno de Cultura, Turismo, Ensino, Normalización Lingüística e Patrimonio Histórico.

Ata catro empregados -que puideramos coñecer polo momento- estiveron en esta situación irregular, xa que foron nomeados como persoal eventual para realizar tarefas de apoio a esta área de goberno pero en realidade desenvolvían funcións exclusivamente partidistas u orgánicas, incluso desde as sedes que o BNG ten en varias localidades distintas da cidade de Lugo.

Estas persoas son: Emilio López Pérez, foi un alto responsable provincial no goberno bipartito da Xunta, onde realizou tarefas como Delegado provincial da entón consellería de Medio Rural. Aínda que debiera traballar como administrativo da área de Cultura faino para o BNG.

Ricardo Rodicio González, debería ser un administrativo eventual da área de Cultura, tal e como reflicte o seu nomeamento, pero en realidade exerce a súa función como concelleiro nacionalista na Pobra, onde pasa gran parte do seu tempo, feito incompatible coa xornada laboral oficial.

Xesús Menéndez Rodríguez, segundo o seu nomeamento é auxiliar de apoio da área de Cultura, pero en realidade prestaba os seus servizos ao BNG e forma parte da dirección das plataformas de afectados polas preferentes ademais de desenvolver o seu traballo como concelleiro nacionalista en Navia de Suarna (hoxe sen representación).

Xoán Antón Estúa é, como xa se indicou, é concelleiro en Cervo. Aínda que debiera traballar para a área de Cultura da Deputación como administrativo estaba a facelo na sede do BNG en Foz, a case cen quilómetros de Lugo.

As múltiples denuncias realizadas polo Partido Popular en relación con este asunto non teñen servido polo momento máis que para motivar unha moi peculiar corrección de erros pola que a Deputación de Lugo -con dous anos de atraso- acorda modificar o nomeamento destas persoas e adscribilas, non a unha área de goberno, senón ao Grupo Provincial do BNG.

Os actos propios do bipartito na administración provincial demostran que a situación descrita con anterioridade era como mínimo irregular -aínda que moi probablemente tamén implica algún tipo de responsabilidade doutra índole que corresponde xulgar á xustiza-. Con todo, parece evidente que os salarios públicos foron percibidos indebidamente.

Ante a gravidade dos feitos descritos e o prexuízo que ten provocado esta situación tanto á propia Deputación de Lugo como ao conxunto dos lucenses que

sufragaban cos seus impostos este tipo de gastos, o Grupo Municipal do Partido Popular entende que é preciso esixir que se depuren as responsabilidades políticas oportunas

A Corporación Municipal debe acordar a reprobación destes feitos, censurando a actitude adoptada por todos os seus responsables, desde o primeiro ata o último, incluído o propio presidente provincial Jose Ramón Gómez Besteiro e o seu vicepresidente primeiro, o nacionalista Antonio Veiga.

A maiores, parece procedente esixir a devolución das cantidades indebidamente percibidas ante o que, ao entender do Partido Popular, é un caso evidente de fraude político para coa Deputación de Lugo e tamén fronte ao conxunto dos lucenses, entre eles, os veciños deste concello

PROPOSTA DE ACORDO

O Pleno da Corporación municipal acorda:

1. Esixirlle ao BNG o reintegro dos salarios indebidamente percibidos do ente provincial, de todo aquel persoal que formalmente adscrito a un área de goberno viña desempeñando labores exclusivamente partidistas.
2. Reprobar a situación descrita con anterioridade e esixir que se depuren as responsabilidades políticas oportunas, instando á dimisión do vicepresidente primeiro do ente provincial Antonio Veiga, como máximo responsable destes feitos irregulares”.

Trala defensa da moción polo voceiro do grupo municipal do PP fai uso da palabra o voceiro do BNG, que afirma que esta moción ten coma única finalidade o tapar a pésima xestión e a corrupción que campa no Partido Popular

Coma se explicou claramente no pleno da Deputación, a situación que denuncia a moción é exclusivamente un erro administrativo. Na sesión plenaria de xuño de 2011, o pleno provincial acordou fixar unha cantidade anual a cada grupo político para asesores e outros gastos, o PP tiña tres asesores e o BNG catro a costa de rebaixar salarios. O BNG, en troques de efectuar os custes con cargo á partida dos grupos o fixo con cargo a cultura pero co ánimo de cumprir co acordo do citado acordo. Esta situación, que é claramente un erro administrativo, a utiliza o PP co gallo de desviar a atención da xente dos resultados da súa xestión de goberno.

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE considera que se existe responsabilidade dalgún tipo ésta a ten que dirimir a autoridade competente, pero non traer aquí unha moción sen que exista tal declaración de existencia e atribución de responsabilidade. Non se sabe se a responsabilidade é dun funcionario ou dun político, polo que nos non estamos en condicións de pronunciarnos.

Ao voceiro do PP sorpréndelle que agora o BNG pretenda pasarlle a culpa aos funcionarios, e recorda que os funcionarios están ás ordes dos responsables políticos e que, por poñer un exemplo, nun concello non é posible que se contrate a ningún se non o autoriza o Alcalde. E na Deputación sucede o mesmo, non é posible contratar a un

traballador –e menos a un asesor político- se non o autoriza o Presidente ou o Vicepresidente.

Os políticos teñen que ser responsables e a responsabilidade comenza por responder dos propios actos. Por iso é impresentable prentender facer creer que un funcionario contratou a catro persoas con cargo da Deputación para que traballen na sede do BNG sen que os políticos se decataran.

O voceiro do PSOE afirma que a intervención do funcionario é imprescindible, xa que ¿quen redacta o contrato?. Coma non se dilucidou quen é o responsable definitivo desta situación non se pode apoiar esta moción.

O voceiro do BNG afirma que xa se presentou unha demanda ante o fiscal polo acoso político que está a recibir o BNG por este e outros casos, e advirque que o BNG non vai a recibir leccións de ética do PP, que é o partido menos indicado.

O voceiro do PP pregúntalle qué e iso de acoso político, xa que lle da a sensación que para o BNG o acoso político non é outra cousa que estar enfangado nun asunto e prentender que os restantes grupos non esixan responsabilidades políticas. Dende a instauración da democracia non existe o acoso político, senón exclusivamente debate e o control político no que se poden esixir responsabilidades políticas.

Asemade, contesta ao voceiro do PSOE que o responsable non é outro que quen asinou o decreto de nomeamento, que non pode ser un funcionario senón o político competente.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta aprobada con oito votos pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP; dúas abstencións, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE e un voto en contra, pertencente ao concelleiro do BNG.

Acto seguido afróntase polo voceiro do grupo municipal do PP a defensa da moción presentada o día 29 de agosto de 2013 e con número de rexistro de entrada 2692, do seguinte teor literal:

“O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR a través do seu portavoz D. JOSÉ PARDO LOMBAO en base á lexislación vixente, presenta a seguinte

MOCIÓN RELATIVA ÁO INCUMPRIMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN MATERIA DE POLÍTICAS DE BENESTAR E NO FINANCIAMENTO DOS SERVICIOS MUNICIPAIS DE AXUDA NO FOGAR

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Deputación de Lugo é a única das catro administracións provinciais galegas que está a incumprir a normativa vixente en materia social e de benestar e, moi en

concreto, en relación co financiamento obrigado dos servicios municipais de axuda no fogar.

O incumprimento do Goberno bipartito provincial trae consigo importantes consecuencias negativas para os concellos lucenses que se ven na obriga de asumir con recursos propios e/ou a través do aumento das cotas que abonan os seus usuarios o financiamento dun servicio que a Deputación lucense está obrigada por mandato legal a financiar.

A Lei de Servicios Sociais aprobada polo goberno bipartito no ano 2008 pretendía dar un novo escenario na regularización dos servicios sociais e acadar un gran pacto social a favor dos máis desfavorecidos, impondo unhas obrigas económicas a todas as administracións: Xunta, Deputacións e Concellos para que debían una porcentaxe dos seus orzamentos.

Esta regularización desenvolveuse no decreto de servicios sociais 99/2012 de 16 de marzo que establece que para os concellos de menos de 20.000 habitantes as deputacións provinciais financiarían maioritariamente o servicio de axuda no fogar básico (aquel que afecta á atención das persoas maiores e dependentes) e a contratación de persoal distinto aos traballadores sociais.

Pese a tratarse dunha lei aprobada polas mesmas forzas políticas que hoxe teñen a responsabilidade de goberno na Deputación de Lugo, e aínda que se trata dun mandato imperativo, xa que falamos dunhas normas en vigor e de obrigado cumprimento nun Estado de Dereito, os responsables desta institución achegan tan só una media de 17 de cada 100 euros que estarían obrigados a achegar.

O Vicepresidente primeiro da Deputación de Lugo e responsable do área de Benestar, Antón Veiga, coa complicidade necesaria de José Ramón Gómez Besteiro, incumpren, falta á verdade e utilizan politicamente ás persoas que máis necesitan o apoio das Administracións: os nosos maiores e dependentes.

A desatención e incumprimento normativo descritos con anterioridade, provoca que os Concellos de Lugo non teñan a colaboración obrigada da Deputación de Lugo, e a súa decisión de insubmisión política e económica non garante o cumprimento da Lei reguladora de Servicios Sociais, nin das competencias de cooperación cos municipios.

En resumo, para os concellos lucenses, e moi en particular para o noso concello, a Deputación de Lugo non existe en materia de benestar

PROPOSTA DE ACORDO

O Pleno da Corporación municipal acorda:

Primeiro.- Esixirlle á Deputación provincial de Lugo que cumpra a normativa vixente en materia de servicios sociais achegando os recursos precisos para o financiamento dos gastos íntegros do servicio de axuda no fogar básico e para a contratación de persoal distinto aos traballadores sociais.

Segundo.- Reprobar o comportamento e a falta de sensibilidade do goberno bipartito provincial para coas persoas maiores e dependentes da nosa provincia e a súa negativa a asumir as obrigas de cooperación e colaboración que por lei lle corresponden.

Terceiro.- Darlle traslado desde acordo ao Presidente e Vicepresidente da Deputación Provincial de Lugo e a todos os grupos políticos con representación na Corporación Provincial”.

Rematada a defensa da moción, fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE quen afirma que se está a tratar unha moción que se basea nun decreto que infrinxe abertamente a Lei de servizos sociais de Galicia, e recorda que dita Lei establece, no seu artigo 54 que a Xunta ten que financiar os servizos sociais, mentres que o artigo 63 que pretende desenrolar o decreto autonómico non dí que as Deputacións teñan que financiar a totalidade dos custes dos servizos sociais.

Por iso, recomenda á Xunta de Galicia que revise este decreto e informa que xa foi recorrido en sede contencioso-administrativa.

O voceiro do BNG plantexa tratar conxuntamente esta moción coa que presentou o seu grupo por vía de urxencia.

O Presidente afirma que esta moción está na orde do día e a outra non, polo que primeiro sería necesario avaliar e votar a urxencia, o que interrompirla o debate.

O voceiro do BNG pregúntase porqué o Alcalde non é tan belixerante coa Xunta coma coa Deputación, e pregúntase se non será polo cor político de unha e outra. E recorda que a Xunta de Galicia foi recortando as súas partidas en servizos sociais até anulalas mentres que a Deputación as foi incrementando.

O voceiro do grupo municipal do PP resposta que para comprender porqué é máis belixerante coa Deputación non hai máis que ver o que aporta a este Concello unha e outra administración. E informa que a Xunta de Galicia financia os servizos sociais do concello de Outeiro de Rei nunha contía moi superior ao que aportan os usuarios, o concello e a Deputación xuntos.

Engade que nun Estado de Dereito é impresentable o argumento de que unha Deputación non cumpre co ordeamento xurídico porque cree que non é legal. O que esixe a Constitución para estes casos é recurrilo perante a vía xurisdiccional correspondente e, mentres o Tribunal non acorde a suspensión, acatar e cumprir a norma.

Considera intolerable que a Deputación de Lugo adique a gastos de Presidencia preto de 900.000 euros mentres incumple a lexislación que lle obriga a financiar os servizos sociais dos concellos. E recorda que no presente exercicio a Deputación adicará aos servizos sociais de este concello unicamente 8000 euros fronte aos 50.000 que aporta o concello e aos máis de 100.000 euros que aporta a Xunta.

Sendo esta a realidade, solicita o apoio da moción.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta aprobada con oito votos a favor e tres votos en contra pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e máis do PSdG-PSOE.

A continuación, o voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, toma a palabra para defender a moción presentada o día 3 de setembro de 2013 con número de rexistro 2725, do seguinte teor literal:

“Moción relativa ao paro xuvenil

O Concelleiro na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei, compadece e como mellor en Dereito proceda DI: O abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local De Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 20 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

MOCIÓN

A actual situación de crise económica golpeouá clase media cunha dureza, que non só os situou en risco, senón que xerou un problema de coesión social, que esixe dos poderes públicos a asunción de medidas para a preservación dos dereitos máis elementais da cidadanía.

Entre os colectivos máis afectados encóntranse os mozos, cun 55,6% de desemprego xuvenil según Eurstat, o noso país encabeza xunto con Grecia a deplorable clasificación de paro xuvenil. Á crise hai que sumarlle a acción política dos Gobernos de Feijóo e Rajoy, caracterizadas pola nula sensibilidade social, e pola defensa da austeridade en aras do equilibrio, como verniz das reformas ideolóxicas levadas a cabo.

O resultado deste chamado austericidio practicado polo Partido Popular, que sitúa as contas por enriba das necesidades da xente, é coñecido: mozos ó día abandonan Galicia en busca de oportunidades fora do noso país. Á fuga de capital humano que supón este continuo éxodo, hai que engadirlle os problemas demográficos que xerá o envellecemento, e o despoboamento; problemas capitales no noso territorio.

Organismos provinciais como a Deputación de Lugo leva anos poñendo de manifestó esta problemática sen que existan respostas nin adecuadas nin suficiente por parte da Xunta de Galicia, que recordamos, ten as competencias activas para a creación de emprego –aínda que o seu Presidente manifeste o contrario-, para o que debe destinar os fondos que manexa a tal efecto.

É evidente que os planeamento da Xunta de Galicia para xerar emprego mozo son inexistentes, xa que Galicia arroxa una taxa de paro xuvenil do 50%, ou o que é o mesmo, 1 de cada 2 menores de 30 anos non pode acceder a una ocupación que lle permita desenvolver una vida digna. Esta situación acumulada ós continuos recortes e educación e protección social, colocan ós mozos gallegos ó borde da exclusión social.

Polo exposto, e fronte á inoperancia do Feijóo en materia de emprego en xeral, e xuvenil en particular, o Grupo Municipal Socialista do Concello de OUTEIRO DE REI presenta para o seu debate e posterior aprobación, a seguinte.

Por todo o anteriormente exposto, proponho o Pleno desta Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

O concello de OUTEIRO DE REI insta a que a Xunta fomente a través da Consellería de Traballo e Benestar un programa de Plan de Emprego Local en coordinación cos concellos, destinado a xeración de postos de traballo no noso municipio cos seguintes puntos:

- A. A priorización no plan de busca de emprego para menores de 30 anos en risco de exclusión social, e para mozos menores de 30 anos integrantes de unidades familiares perceptoras de salario social, e que contén con máis antigüedad en desemprego.
- B. A posta en marcha de bolsas de emprego e prácticas en colaboración con empresas da zona para mozos profesionais de alta cualificación.
- C. A toma de medidas para fomentar a cultura emprendedora.
- D. A realización previa dun estudo de observación sobre a evolución sectorial da ocupación do concello para canalizar de forma efectiva a oferta e demanda de emprego”.

Trala defensa da moción polo voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, fai uso da palabra o voceiro do BNG, quen aprecia que se presenten mocións constructivas, se ben insiste en facer especial fincapé nos traballadores máis novos, que están a sufrir unha situación insostible con cifras de desemprego estremecedoras. Esta situación é especialmente dolorosa cando se aprecia os esforzos que se fixeron en formar á xuventude e agora os novos teñen que emigrar para intentar saír adiante.

O voceiro do grupo municipal do PP considera que, na medida na que a totalidade das accións que se propoñen na moción xa están a seren aplicadas pola Xunta de Galicia, non procede a súa aprobación.

E pon coma exemplo, polo que atinxe a este concello, que a Xunta financiou a contratación de catro traballadores desempregados para traballar coa motobomba; outros dez traballadores coas brigadas de prevención e defensa contra os incendios forestais e con carácter inminente se porá en marcha un obradoiro de emprego que permitirá contratar e formar a traballadores á par que se desenrolan actuacións moi interesantes. Por último, anuncia a próxima posta en marcha do programa de cooperación que permitirá a contratación de aínda máis persoas en situación de desemprego.

Loxicamente a contratación das administración non pode por sí eliminar o problema, xa que a solución virá da recuperación da economía, que é no que está a traballar a reo o actual Goberno.

O voceiro do PSdG-PSOE considera que a moción pretende que se siga a traballar e a mellorar, e que é evidente que é necesario mellorar as políticas de emprego e os datos están ahí.

O voceiro do BNG afonda nesta idea e considera que é necesario corrixir o rumbo, xa que a política que se está a facer non está dando os froitos esperados, máis ben o contrario.

O voceiro do PP afirma que non foi o seu partido quen anunciou brotes verdes nun escenario deserto, pero si quen vai a reconducir a situación económica por segunda vez na historia democrática deste país. E insiste que o problema do desemprego non se resolve contratando aos desempregados pola administración, senón sentando as bases dunha recuperación económica sólida e que permita que a economía real cree emprego.

Rematado o debate sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con oito votos en contra pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular e tres votos a favor pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e máis do PSdG-PSOE.

A continuación trátase a moción presentada polo voceiro do Grupo Municipal do BNG con data de rexistro de entrada de 20 de setembro e número de rexistro 2907, do seguinte teor literal:

“Arcadio Lombao Román, Portavoz municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente presenta a seguinte

MOCIÓN PARA TOMAR MEDIDAS CONTRA A EXHIBICIÓN DE ACTITUDES E SIMBOLOXÍA QUE ENXALCEN A DITADURA FRANQUISTA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O golpe de estado de 1936 trouxo tras del un réxime ditatorial que non só acabou cun goberno lexítimo elixido polas urnas, senón tamén con toda unha experiencia de pluralidade democrática como expresión do desenvolvemento dunha sociedade civil articulada e forte que se conformara ao longo do primeiro terzo do século XX. Tivo como consecuencia un sistema reaccionario que negaba as conquistas sociais e os dereitos democráticos adquiridos polas clases populares desde comezos do século XIX; que formulaba un réxime totalitario que perseguíu durante os seus corenta anos de duración a militantes do republicanismo, dos partidos da esquerda e nacionalistas que tiveran unha participación destacada nesa sociedade plural previa ao golpe.

O golpe de estado na Galiza traducíuse nunha represión sen precedentes que fracturou os piares da sociedade preexistente e aplicou unha política de eliminación física, estigmatización e persecución da disidencia que é equiparábel aos presupostos que a nivel internacional se detallan para caracterizar a práctica xenocida. As vítimas desa persecución aínda teñen a día de hoxe pendente a reparación do dano causado e a súa dignificación: persisten moitos cadáveres mortos polas cunetas, desaparecidos, familias ás que se lles usurparon as súas propiedades, funcionariado inxustamente apartado do servicio, etc., isto sen contabilizar o dano moral que lle supuxo a varias xeracións que sufriron unha dictadura franquista caracterizada pola aldraxe pública dos vencidos: as torturas, as rapas e a exhibición de poder na rúa foron continuas ao longo do réxime. Exemplo delas foi a exhibición en lugares públicos de monumentos e placas aos caídos “por Dios y por España”, ou a modificación do rueiro dos concellos para asignarlles ás rúas os nomes de líderes da sublevación militar ou cargos da dictadura franquista.

A lexislación vixente e as esixencias da sociedade actual na que existe un consenso na defensa dos dereitos humanos e das liberdades democráticas esixen que as administracións públicas se convertan en garantes da preservación deses valores. Por iso, as declaracións realizadas polo alcalde de Baralla e deputado do Grupo Provincial Popular, Manuel González Capón, nas que xustifica as mortes do franquismo afirmando que “os que foron condenados a morte será porque o merecían”, son unha auténtica barbaridade e un ataque as vítimas do franquismo, que só na provincia de Lugo superan as 2.000 persoas.

O apoio ao xenocidio que representou o franquismo é totalmente contrario aos principios democráticos dunha sociedade como a actual, ademais de atacar principios morais básicos como a defensa da vida ou a condena á violencia.

A gravidade das afirmacións feitas polo rexedor municipal e deputado provincial exceden do ámbito político e rozan a ilegalidade ao ser contrarias ao establecido na lexislación vixente, en particular, na Lei 52/2007, de 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen sufriron persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura, coñecida popularmente como “Lei de Memoria Histórica”.

Por todo o exposto,

SOLICÍTASE:

1 – Expresar a condena unánime de toda a Corporación á práctica xenocida aplicada pola dictadura franquista neste concello, así como o apoio a todas as vítimas da mesma na localidade, ofrecendo colaboración para a procura de familiares, localización, exhumación e identificación de fosas que haxa no seu termo municipal ou nas que poidan estar soterradas vítimas orixinarias do noso municipio.

2 – Proceder ao inventariado e posterior cambio de nome das rúas que teñan aínda nomes de persoas relacionadas coa dictadura franquista.

3 – Instar ao presidente do Partido Popular de Galiza, Alberto Núñez Feijóo, e ao presidente do Partido Popular de Lugo, Xosé Manuel Barreiro, a que procedan a

destituír de todos os seus cargos públicos, é dicir, como alcalde de Baralla e deputado provincial, a Manuel González Capón”.

Rematada a defensa da moción polo voceiro do grupo municipal do BNG, fai uso da palabra o voceiro do PSdG-PSOE, quen considera impresentable que un dirixente do Partido Popular faga declaracións coma esta. Moitos dirixentes tiveron que dimitir por declaracións non tan fortes coma estas, nas que pretende lexitimar que se dea morte por razón de ideoloxía política. Isto en moitos países é motivo de delito.

Considera que é un bo momento para que o PP se pronuncie claramente sobor o franquismo, xa que nunca o fixo e recorda que no ano 2006, o Partido Popular quedouse só non apoiando no Parlamento Europeo a condena ao réxime franquista. Por iso insta ao Partido Popular a aprobar a moción.

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular afirma que o seu partido nunca defenderá nin fará apoloxía de ningunha dictadura de ningún color nin de ningunha modalidade de violencia.

Por iso, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular ofrece o apoio á moción se no punto primeiro da moción en troques de facer alusión a un único réxime dictatorial se fai constar que se condena a todo tipo de dictadura e a calquera grupo de defensa ou practique a violencia.

Afirma que o segundo punto carece de sentido, xa que neste concello non existe ningunha rúa que teña un nome relacionado coa dictadura franquista, polo que propón a súa supresión.

Expresa o seu convencemento que é un erro andar a remexer unha etapa histórica superada por quenes a viviron, xa que non conduce a ningunha parte, e particularmente neste concello de Outeiro de Rei onde, gracias a Deus, a represión non foi especialmente grave.

E no que atinxe ao terceiro punto referente ao Alcalde de Baralla, débese comprender que no acaloramento dun debate con tensión política as veces pódense dicir cousas das que un despois pode arrepentirse. Nestes casos, cando se mostra o arrepentimento e se piden disculpas a cousa debe quedar alí. O Alcalde de Baralla pediu disculpas reiteradamente e deben ser aceptadas, tanto perante o Pleno do propio concello de Baralla coma perante o Pleno da Deputación provincial. E se o Pleno do Concello de Baralla aceptou as disculpas nos non somos quen de non facelo, polo que non poden aceptar este punto.

E remata a intervención afirmando categoricamente que o Partido Popular non está de acordo con ningún tipo de dictadura, nin de dereitas nin de esquerdas, e quere que quede claro.

O voceiro do grupo municipal do BNG rexeita a emenda transaccional se non se inclúe o terceiro punto, xa que considera que non se pode xustificar que un dirixente político defenda as mortes da represión franquista nin tan sequera nun momento de acaloramento. O Pleno do Concello non é unha taberna onde se poida entender que un se acalore e diga barbaridades senón o centro da vida democrática veciñal.

A conducta do Alcalde de Baralla é, pura e llanamente, apoloxía do franquismo. Imaxínese que no Parlamento alemán un deputado ou un Presidente dun concello defenda as mortes dos xudeos ordeadas por Hitler. ¿Cómo se tomaría en Alemaña?. Este caso é o mesmo.

Afirma que o Partido Popular ten que soltar lastre dunha vez co franquismo, que a día de hoxe non o soltou. E non se pode esquecer. Pódese perdoar, pero non esquecer, e conductas coma o do Alcalde Baralla no axudan a perdoar. Imaxínese que un Alcalde abertzale defende os asasinatos de ETA no Pleno do Concello. ¿Non esixiría a súa dimisión o Partido Popular? ¿Cómo se sentirían os familiares das vítimas?. As mortes que defende o Alcalde de Baralla tamén foron mortes por unha ideoloxía política.

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE pregunta se o Alcalde, ao propor que se substitúa na moción a referencia á dictadura franquista por “todo tipo de dictaduras” está afirmando que o franquismo non foi unha dictadura.

O voceiro do Partido Popular explícalle que “todo tipo de dictaduras” inclúe, como é lóxico, tamén á dictadura franquista, pero no vai a enumerar todas as dictaduras porque, por desgracia, ocuparía varios folios. E aclara que non substitúe o termo dictadura franquista, senón que engade “todo tipo de dictaduras”.

Engade o voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE que o Alcalde de Baralla pediu disculpas ao Partido Popular, non á cidadanía. Unha persoa que defende a pena de morte aos disidentes políticos non pode limitarse a pedir disculpas ao seu partido.

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular afirma que non é verdade que unicamente pedira disculpas ao Partido Popular, xa que pediu disculpas no Pleno do Concello de Baralla e no Pleno da Deputación provincial. E tampouco é certo que o Alcalde de Baralla defendera a pena de morte nin das súas palabras se pode sacar estas consecuencias. Iso é terxiversar as súas palabras.

E recorda que o Partido Popular condenou en múltiples ocasións o franquismo. O fixo no Parlamento de Galicia, o fai o PP de Galicia, o PP de Lugo e, por suposto, o condena o PP do Concello de Outeiro de Rei.

E insiste en que andar a recordar o franquismo continuamente, cando a meirande parte das persoas non o viviron, non só non ten ningunha consecuencia positiva, senón que afronta as persoas. Non aos partidos, senón as persoas. E isto atenta contra a convivencia.

Sométese a votación a moción transcrita sen a emenda ofrecida polo voceiro do grupo municipal do PP.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con oito votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular e tres votos a favor, pertencentes ao concelleiros dos grupos municipais do BNG e máis do PSdG-PSOE.

5. ASUNTOS DE URXENCIA

O voceiro do grupo municipal do BNG somete á consideración do Pleno da urxencia da moción presentada no rexistro con data de 27 de setembro de 2013 e número de rexistro 2985, “para esixir á Xunta de Galiza unha partida económica nos orzamentos do 2014 para atender o servizo de axuda no fogar (SAP) en todos os concellos de menos de 20.000 habitantes”.

Xustifica a urxencia da moción na situación de desamparo social na que están a caer moitos cidadáns coma consecuencia da actual crise e que esixe dunha solución por parte do goberno autonómico.

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE considera que a urxencia social da moción está xustificada, polo que propón aprobar a urxencia e solicita unha copia da moción para o seu debate.

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular solicítalle ao voceiro do PSOE que traslade aos seus compañeiros das restantes institucións esta mesma vontade de tratar os asuntos non incluídos na orde do día.

E ao voceiro do BNG comunícalle que non comparte a urxencia da moción, xa que sendo un asunto grave non se comprende cómo se presenta o día da celebración do Pleno e á vista da moción presentada polo PP sobre esta problemática. Ademais, no debate da moción do PP sobre o financiamento dos servizos sociais ofrecéuselle que presentase unha emenda (que podería coincidir co texto desta moción) e non a presentou.

Rematado o debate sométese a votación a urxencia da moción.

Realizada a votación, a urxencia resulta rexeitada con oito votos en contra, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular e tres votos a favor, pertencentes ao concelleiros dos grupos municipais do BNG e máis do PSdG-PSOE.

E non existindo máis asuntos a tratar, levántase a sesión, sendo as quince horas, da que eu, Secretario, estendo a presente acta co visto e prace do sr. Alcalde.

O Secretario

Vº e prace; O Alcalde